

**Convocatoria:** Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S  
**Corpo:** 591 - Profesores técnicos de formación profesional  
**Especialidade:** 216 - Operacións de produción agraria  
**Tribunal:** 1

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

*DATA PUBLICACIÓN: [14/06/2021]*

Por acordo unánime dos membros do tribunal os criterios de avaliación que rexerán este procedemento selectivo na súa fase de oposición serán os que a continuación se expoñen:

PRIMEIRA PROBA: Coñecementos específicos.

A primeira e a segunda parte da primeira proba cualificarase de 0 a 10 puntos e ponderarase do seguinte xeito:

- Parte A: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

- Parte B: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.

Para a superación da primeira proba deberá obterse unha puntuación de polo menos o 25 % do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos.

Primeira proba - Parte A: Proba práctica

Cualificación: de 0 a 10 puntos. Puntuación mínima: 2,5 puntos.

Tempo de duración: 3 horas.

Características do exercicio de carácter práctico que se axustará ao disposto no Anexo VI da Orde do 24 de febreiro de 2020.

A puntuación de cada exercicio aparecerá reflectida na proba.

CRITERIO 1: Rigor no desenvolvemento do exercicio.

1º INDICADOR DO CRITERIO: Presenta unha estrutura coherente e clara e unha correcta expresión gramatical.

2º INDICADOR DO CRITERIO: Xustifica o desenvolvemento e a resolución do exercicio, cando proceda.

3º INDICADOR DO CRITERIO: Presenta un resultado e unhas conclusións coherentes.

CRITERIO 2: Coñecementos científicos.

1º INDICADOR DO CRITERIO: Utiliza a terminoloxía e conceptos adecuados.

2º INDICADOR DO CRITERIO: A resolución da proba é compatible co marco teórico.

CRITERIO 3: Dominio dos procedementos técnicos da especialidade.

1º INDICADOR DO CRITERIO: Aplica procedementos técnicos propios da especialidade para resolver a proba.

2º INDICADOR DO CRITERIO: Estrutura os pasos para a resolución da proba de forma lóxica e coherente.

CRITERIO 4: Resolución dos exercicios e resultados.

1º INDICADOR DO CRITERIO: A resolución do exercicio é consecuencia do procedemento aplicado.

2º INDICADOR DO CRITERIO: O resultado do exercicio é correcto e axústase as cuestións formuladas.

Primeira proba - Parte B: Desenvolvemento do tema escrito.

Cualificación: de 0 a 10 puntos. Puntuación mínima: 2,5 puntos.

Tempo de duración: 2 horas.

CRITERIO 1: Coñecemento científico e actualizado do tema.

1º INDICADOR DO CRITERIO: Domina os contidos.

2º INDICADOR DO CRITERIO: Utiliza os conceptos con precisión, rigor e de forma actualizada.

3º INDICADOR DO CRITERIO: Se procede, inclúe referencias bibliográficas.

4º INDICADOR DO CRITERIO: No seu caso, aporta referencias lexislativas actualizadas.

CRITERIO 2: Estrutura, desenvolvemento e orixinalidade.

1º INDICADOR DO CRITERIO: Coherencia na estrutura do tema.

2º INDICADOR DO CRITERIO: Desenvolve todos os epígrafes do tema de forma correcta, clara e axustados ao temario da especialidade.

3º INDICADOR DO CRITERIO: Realiza aclaracións mediante exemplos e/ou aplicacións prácticas.

CRITERIO 3: Exposición do tema.

1º INDICADOR DO CRITERIO: A lectura é fluída e áxil como resultado dunha expresión escrita correcta.

2º INDICADOR DO CRITERIO: Non se aprecian contradicións na expresión que poida evidenciar unha lectura non literal do tema.

SEGUNDA PROBA. Aptitude pedagóxica e técnica docente.

Para a preparación da unidade didáctica, o persoal aspirante poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, dispoñendo de unha hora.

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá achegar el mesmo, sempre que sexa aprobado polo tribunal, así coma un guión que non excederá dunha páxina e que se entregará ao tribunal ao final da exposición.

Tempo máximo para a defensa da Programación didáctica: 20 minutos.

Tempo máximo para a defensa da Unidade didáctica: 30 minutos.

Tempo máximo para o debate co tribunal: 10 minutos.

A segunda proba valórase globalmente de 0 a 10 puntos segundo os criterios contidos na rúbrica do anexo XI da orde.

A primeira e a segunda parte da segunda proba cualifícarase de 0 a 10 puntos e ponderarase do seguinte xeito:

- Parte A: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.

- Parte B: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

O persoal aspirante deberá acadar, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Parte A da segunda proba: Programación didáctica.

Na parte A da segunda proba avalíaranse dous aspectos:

- Presentación perante o tribunal avaliador en tempo e forma, cumprindo os requisitos esixidos pola Orde do 24 de febreiro de 2020.

- A defensa da Programación segundo a rúbrica no anexo XIII da Orde do 24 de febreiro de 2020.

Parte B da segunda proba: Unidade didáctica.

Na parte B da segunda proba farase a defensa da unidade didáctica segundo a rúbrica indicada no anexo XIII da citada orde.